

## **NORMATIVA ABONO DE DESPRAZAMENTOS**

(Entrada en vigor o 7 de maio de 2022)

Trala entrada en vigor das novas [Tarifas Arbitraxe](#) do CGX o pasado 1 de abril de 2022, e a aprobación posterior do 8 de abril de 2022 relativa o plus temporal de axuda o condutor, a FGA procede a regular a normativa de desprazamentos as distintas competicións do calendario de esta federación.

### **1. Convocatoria de xuíces por parte do CGX, segundo acordo Asemblea**

#### **NORMATIVA DE DESPRAZAMENTO EN COCHE**

Cando se despracen xuíces da mesma delegación haberán de facelo xuntos, salvo casos especiais e previa consulta. Os desprazamentos pagarase en función da quilometraxe realizada.

O xuíz que leva o coche terá que facilitar a recollida e o retorno ao domicilio dos xuíces que o acompañan, especialmente se a saída é anterior ás 8:00 ou a chegada é máis tarde das 22:00 horas. A viaxe de volta deberá iniciarse inmediatamente tras o remate da xornada de todos os xuíces do vehículo, agás que por unanimidade dos ocupantes do vehículo se acorde outra decisión.

Os xustificantes de pago hai que envialos á FGA con data límite o mércores seguinte da competición. De non facelo nese prazo perderase o dereito a cobralo, salvo xustificación debidamente documentada.

Terán dereito o pagamento do desprazamento aqueles xuíces que realicen máis de 25 km i/v dende o seu domicilio o lugar da competición.

Haberá que utilizar o modelo [Folla de Xustificación de Gastos de Desprazamento CGX](#). Terán dereito o pagamento do desprazamento aqueles xuíces que se despracen a outras delegación, o quilometraxe contará dende o seu domicilio o lugar da competición. A excepción de designación, deberán vir tódolos campos debidamente cubertos: matrícula, orixe e destino, nº conta, acompañantes, manutención con ticket xustificante, etc.. O desprazamento aboarase a 0,19€/km.

### **2. Convocatorias efectuadas a xuíces da propia Delegación**

Terán dereito o pagamento do desprazamento aqueles xuíces que realicen máis de 25 km i/v dende o seu domicilio o lugar da competición. Haberá que utilizar o modelo [Folla de Xustificación de Gastos e Desprazamento Delegacións](#). Nos desprazamentos dentro da propia delegación haberá que cubrir correctamente o número de xuíces acompañantes e pagarase o quilometraxe en función da ocupación do vehículo, deberán vir tódolos campos debidamente cubertos: matrícula, orixe e destino, nº conta, acompañantes, manutención con ticket xustificantes, etc.

#### **Aclaracións:**

Non se aboará ningún desprazamento si se recepción posterior o mércores seguinte.

Non se aboará se non ven a folla debidamente cumprimentada, segundo o exposto arriba indicado.

Aboarase a ruta máis curta, a indicada en Google Maps.